

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Xuño 2007

COMUNICADO

Pese ao aumento do 2,0% rexistrado no gasto diario medio por persoa en xuño de 2007, o primeiro semestre do ano pecha cun descenso do 4,7% respecto ao mesmo período do ano anterior

En xuño de 2007 o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia aumentou nun 7,0% en taxa interanual

Segundo datos da "Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros", en xuño de 2007 rexistrouse un aumento interanual do 7,0% no gasto realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas de Galicia, acadando un importe de 49,6 millóns de euros. Nesta evolución destaca, ademais do aumento do gasto diario medio por persoa, o aumento do 4,9% rexistrado no número de pernoitas realizadas polos viaxeiros deste tipo de establecementos.

Segundo a provincia no que se sitúan os establecementos hoteleiros, o 88,9% do gasto total concéntrase nas provincias da Coruña e Pontevedra, as cales rexistran en xuño de 2007 un crecemento do 11,2% e 7,8% respectivamente. O gasto total dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas da provincia de Ourense aumentou en xuño de 2007 nun 6,3% en taxa interanual, mentres que o correspondente á provincia de Lugo descendeu nun 17,4%.

En xuño de 2007 destaca o aumento interanual do 11,1% e 9,1% rexistrado no gasto total realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de cinco e catro estrelas respectivamente. O gasto total realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de tres estrelas aumentou en menor medida, rexistrando unha taxa de variación do 3,1% respecto ao meso mes do ano anterior.

A taxa de variación do gasto total acumulada no primeiro semestre do ano 2007 foi de -3,6%, -3,5% en termos da serie corrixida do efecto calendario.

O gasto total acumulado no primeiro semestre do ano 2007 descendeu en tódalas provincias agás en Ourense.

A variación interanual acumulada do gasto total no que vai de ano é negativa nas tres categorías de establecementos consideradas.

En xuño de 2007 o gasto diario medio por persoa dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia aumentou nun 2,0%.

O gasto diario medio por persoa acadou o importe de 125,1 euros en xuño de 2007, experimentando unha variación interanual do 2,0%.

Segundo a provincia na que se sitúan os establecementos, o gasto diario medio por persoa aumentou, en taxa interanual, nun 0,9% e 7,3% nas provincias da Coruña e Pontevedra respectivamente, acadando un importe de 130,0 euros e 127,7 euros en cada caso. Pola contra, en xuño de 2007 descendeu nun 14,9% e 5,4% nas provincias de Lugo e Ourense, cun importe de 101,6 euros e 99,7 euros respectivamente.

Segundo á categoría do establecemento hoteleiro, o gasto diario medio por persoa descende en xuño de 2007, en taxa interanual, nun 11,2% e 1,6% nas categorías de cinco e tres estrelas respectivamente, acadando un importe de 197,2 euros e 101,0 euros respectivamente. Pola contra aumenta nun 6,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior o realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de catro estrelas, que se sitúa nos 137,6 euros.

A taxa de variación acumulada no primeiro semestre do ano 2007 foi de -4,7%.

Do mesmo xeito que sucede co gasto total, o gasto diario medio por persoa acumulado no que vai de ano descendeu en tódalas provincias agás en Ourense.

O primeiro semestre do ano amosa un descenso interanual no gasto diario medio nas categorías consideradas, destacando especialmente o descenso acumulado do 11,9% rexistrado na máxima categoría.

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Xuño 2007. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	49.642,5	7,0%	-3,6%
Gasto diario medio por persoa (euros)	125,1	2,0%	-4,7%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Gasto total (miles de euros)	49.642,5	7,0%	-3,5%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

**Estatística do gasto do turismo que pernoita en
establecementos hoteleiros. Xuño 2006. Datos provisionais.**

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total	49.642,5	7,0%	-3,6%
A Coruña	23.036,4	11,2%	-5,6%
Lugo	3.364,0	-17,4%	-6,3%
Ourense	2.129,1	6,3%	8,1%
Pontevedra	21.113,0	7,8%	-2,2%
Gasto diario medio	125,1	2,0%	-4,7%
A Coruña	130,0	0,9%	-4,7%
Lugo	101,6	-14,9%	-13,2%
Ourense	99,7	-5,4%	4,9%
Pontevedra	127,7	7,3%	-4,5%


FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

**Estatística do gasto do turismo que pernoita en
establecementos hoteleiros. Xuño 2006. Datos provisionais.**

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total	49.642,5	7,0%	-3,6%
3 estrelas	18.254,2	3,1%	-4,6%
4 estrelas	25.968,0	9,1%	-2,2%
5 estrelas	5.420,3	11,1%	-7,7%
Gasto diario medio	125,1	2,0%	-4,7%
3 estrelas	101,0	-1,6%	-4,4%
4 estrelas	137,6	6,4%	-4,2%
5 estrelas	197,2	-11,2%	-11,9%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
Fax: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>